

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1011UY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 28-10-16 14:39

Número 52 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de mellora da pavimentación do vial de Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 28 de outubro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

52 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE REBOREDO (ENFESTA) A LAVACOLLA (SABUGUEIRA).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 20 de outubro de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, nº 2016/653 de data 26.10.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Mellora da pavimentación do vial de Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 4 de outubro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CANARGA CONSTRUCCIONES SL.

Segundo: Con data 20 de outubro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1011UY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 28-10-16 14:39

proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES SL, por un importe de **91.831,40 euros** (IVE aparte 21%: 19.284,59 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Mellora da pavimentación do vial de **Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira)**", a favor da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES SL, por un importe de **91.831,40 euros**, (IVE aparte 21%: 19.284,59 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900.**

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesus Duro Fernández

